

Don Antonio Torrón Casal, Secretario Acctal da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 18 de novembro de 2021, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes a documentación administrativa e documentación correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor presentada polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do Servizo de formación no marco do proxecto Tic Emprendes (Expte 349-299226) cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo xuvenil de axudas EMP-POEJ que comprende 7 accións formativas incluídas en 4 itinerarios formativos*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do 29 de outubro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado do Servizo de formación no marco do proxecto Tic Emprendes (Expte 349-299226) cofinanciado polo FSE no marco do programa operativo xuvenil de axudas EMP-POEJ que comprende 7 accións formativas incluídas en 4 itinerarios formativos.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29/10/2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor presentada polas empresas ó devandito procedemento.



Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1.- Admitir as seguintes empresas:

Sararte SL (Lotes 1,2,3 e 4)

-G12 Grupo Empresarial de Servicios SL.-CIF B-36.993.509 (Lote 1)

-Península Corporate Innovation SL.- CIF B-66.585.613 (Lotes 1, 2 e 3)

-Hedima DN Formación SLU.-CIF B-82.651.514 (Lotes 1, 2, 3 e 4)

2.-Trasladar a documentación técnica descargada do sobre “A” que presentaron as empresas admitidas aos técnicos do servizo de Cooperación, ao obxecto de que avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

